



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na presentación do libro *Memorias históricas sobre a Australia*

Parlamento de Galicia, 12 de decembro de 2014, 11.00h.

Presidente da Xunta de Galicia,
Presidente do Consello da Cultura Galega,
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,
Membros da Mesa do Parlamento,
Valedor do Pobo,
Conselleiro maior do Consello de Contas,
Deputados e deputadas, ex-deputados,
Autoridades,
Señoras e señores:

Grazas, en primeiro lugar, por acompañarnos na presentación deste libro, a edición en galego de *Memorias históricas sobre Australia e particularmente sobre a misión beneditina de Nova Nursia e os usos e costumes dos australianos*.

Con el damos resposta a un mandato parlamentario, adoptado na Comisión 4ª, Educación e Cultura, do 22 de outubro de 2013.



Para o Parlamento de Galicia é un pracer colaborar na materialización desta iniciativa, da que son copartícipes a Xunta de Galicia e o Consello da Cultura Galega.

Aproveito a ocasión para agradecer o labor do Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia, que se encargou da tradución da obra co rigor que sempre caracteriza o traballo destes profesionais.

Como apunta o presidente do Consello da Cultura Galega na presentación deste libro, para moitas persoas frei Rosendo Salvado non pasa de ser un persoeiro que dá nome a unha rúa do ensanche compostelán. Outros seguramente o asociarán coa introdución do eucalipto en Galicia, e tamén hai quen apunta que a el debemos a chegada da acacia.

Coa edición deste libro contribuímos a facer xustiza — complementando o traballo efectuado previamente polo Consello da Cultura Galega— cunha figura histórica inxustamente esquecida.

Lucas Josef Rosendo Salvado y Rotea, frei Rosendo Salvado —o *Bispo dos sen Alma*, en acertada expresión que deu título á exposición impulsada polo Consello da Cultura— gastou a súa vida traballando e defendendo a poboación aborixe australiana.



Frei Rosendo Salvado foi un auténtico adiantado ao seu tempo; tan pioneiro como incomprendido por moitos dos seus coetáneos.

Falo dun home que defendeu os aborixes desde o minuto cero, século e medio antes de que o Goberno australiano pedira perdón polo pasado.

Falo do frade entregado aos demais, sen intereses persoais, que mesmo chegou a rexeitar o Bispado de Lugo.

Falo, en fin, dun galego universal, merecente da honra que noutros tempos lle foi inxustamente disputada.

Salvando as distancias, frei Rosendo Salvado desenvolveu no século XIX en Australia un labor comparable ao de frei Bartolomé de las Casas, o *Apóstolo dos Indios*, na América hispana do século XVI. Paradoxalmente, mentres toda a comunidade iberoamericana, empezando por España enteira, coñece e recoñece o labor de frei Bartolomé, frei Rosendo foi un gran descoñecido.

Sirva como exemplo que o libro que hoxe presentamos traducido por vez primeira ao galego se editou inicialmente en italiano en 1851; en castelán, dous anos máis tarde, en 1853, e en francés, en 1854.



Mais non foi publicado en inglés ata o ano 1977. Imaxino que as críticas de frei Rosendo en relación co maltrato dos británicos aos aborixes australianos non contribuíron precisamente a editalo antes.

Remato como comecei. Para o Parlamento de Galicia é unha honra participar na coedición desta obra coa que agardamos contribuir a divulgar a figura deste tudense universal.

Honrando a frei Rosendo Salvado honramos tamén a poboación aborixe pola que el tanto traballou e que, estou segura, se sentirá gratificada con esta obra, dada a fascinación que os seus devanceiros sentían polo que chamaban os "*papeis que falan*". Por iso enviaremos cadanseu exemplar desta edición ao mosteiro de Nova Nursia, á Biblioteca Nacional de Australia e á Biblioteca do Congreso dese país.

O libro poderá consultarse, obviamente, tamén a través da web do Parlamento de Galicia.

Moitas grazas.